

Suxestión dirixida á Consellería de Medio Rural debido falta de resposta a unha solicitude de información a esa consellería sobre traballos forestais

Expediente: T.11.Q/29222/17

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dna. [REDACTED], na súa condición de presidenta da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de A Xironda, en Cualedro.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que se dirixiu á Xefatura de Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural de Ourense ante a falta de resposta a unha solicitude de paralización dos traballos que desenvolve a Xunta de Galicia no monte veciñal en man común de A Xironda.

Con data 23 de novembro de 2017 (número de entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia 5183/rx 2882443) registrou solicitude de paralización dos traballos no MVMC A Xironda na que solicitou:

*“ -Copia do proxecto completo (memoria, orzamento, planos, etc.) no que se recollan os traballos que se están a realizar pola Administración forestal na actualidade no Monte de A Xironda*

*-Que se nos indique que porcentaxe do orzamento do proxecto (ou proxectos) cárgase ás contas do convenio no que se atopa incluído o MVMC de A Xironda.*

*-Que nos indiquen o diñeiro destinado ao ano 2017 e ao ano 2018.*

*-Que nos indiquen con detalle, a procedencia do diñeiro co que se financian devanditos traballos silvícolas (tipo de fondos europeos, fondos propios, etc.)*

*-Que nos faciliten copia do acto de disposición no que a asemblea da CMVMC de A Xironda deu a súa autorización para poder realizar ditos traballos”.*

Ante a falta de resposta a esta solicitude, admitimos a trámite a queixa e requirimos informe a esa Consellería en data do 31 de xaneiro de 2018.

O informe solicitado tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 26 de marzo de 2018. Indica que o 11 de marzo de 2018 “envíase contestación á comunidade sobre os datos solicitados no seu escrito”.

Antes da resolución do expediente, recíbese unha nova comunicación da persoa promotora da queixa (20 de abril de 2018), na que solicitou que non se archive aínda o expediente. Neste novo escrito comunica que promoveu unha nova reclamación de información mediante modelo de solicitude electrónica PR004A (rexistro de entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia 2018/1061277) da Xunta de Galicia no que especifica que volve a solicitar que lles faciliten a seguinte información: proxecto completo asinado: memoria, orzamento (completo), prego de condicións, estudo de seguridade e saúde e planos de localización e detalle dos traballos e, en segundo termo, o diñeiro destinado para a execución das obras para os anos 2017 e 2018, por separado para cada anualidade.

Con data de 24 de abril de 2018 esta valedoría diríxese de novo á esa autoridade en demanda de información complementaria no marco da investigación, requirindo en particular que informe dos motivos que deron lugar a que non se lles achegara aos interesados toda a información solicitada desde o principio.

A institución do Valedor do Pobo recibiu este segundo informe en data do pasado 25 de xuño de 2018, o mesmo documento de resposta que se relaciona coa queixa T.11.Q/29209/17.

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

A presidenta da comunidade de montes veciñal en man común de A Xironda (Concello de Cualedro-Ourense) presentou ante a Consellería de Medio Rural una solicitude de información por medio do rexistro xeral.

A modernización das administracións públicas implica non só un cumprimento estrito do principio de legalidade senón tamén a necesidade de instaurar e concibir unha nova base de relacións entre a Administración e a cidadanía no marco da posición preponderante que esta adquire como primeira e última beneficiara do labor diario que desenvolven os poderes públicos. A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, así o indica na súa exposición de motivos. O texto promove a implantación de medidas de eficacia administrativa que inclúe, entre outras, “a redución progresiva dos prazos e tempos de resposta, para garantir unha maior celeridade nas relacións coa cidadanía”.

O Decreto 129/2016, do 15 de setembro, desenvolveu ese marco legal, regulando a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia. Nel sentáronse as bases para “acadar unha relación máis próxima e sinxela coa cidadanía e unha maior calidade na prestación dos servizos públicos, axilizar o procedemento de resposta, o cal debe ser claro, sinxelo e transparente, e optimizar recursos disponibles”.

O seu capítulo III regula a información á cidadanía como elemento fundamental para que os galegos e as galegas poidan ter a información e a orientación para faceren efectiva a exigencia das súas garantías e do seu dereito á participación. Así, regúlanse o concepto e os tipos de información, xeral ou particular, os lugares e as modalidades dispoñibles para solicitar a información, a garantía dun prazo de resposta inmediato ou, en todo caso, o máis áxil posible, non superior a 15 días, e as súas características, e introduce a posibilidade de presentar unha queixa ante a ausencia de resposta da solicitude de información ou do incumprimento dos prazos respectivos, como garantía do dereito da cidadanía a recibir da Administración a información que precise.

Para a súa resposta, o órgano administrativo responsable conta cun prazo de 15 días desde a formalización da solicitude. Tal e como consta do investigado estes prazos non se respectaron e a administración aludida incorreu en silencio.

Segundo a regulación vixente, este tipo de información facilitarase na forma indicada pola persoa interesada, salvo que estea obrigada a relacionarse a través de medios electrónicos de conformidade coa normativa vixente. Neste extremo, tal e como se deriva do último informe, ponse a dispor da interesada a consulta dos documentos e a realización de copias co aboamento das correspondentes taxas, pero non se lle dá a opción preferente de acceder aos documentos en formato electrónico.

Coa información recibida non se pode coñecer se a administración autonómica deu resposta á segunda solicitude cursada pola persoa promotora da queixa co modelo PR004A nin que o segundo informe asinado por ese órgano en data 20 de xuño de 2018 se lle comunicara ás persoas interesadas.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Medio Rural a seguinte **suxestión**:

*Que promova a aplicación dos novos mecanismos de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración en Galicia e fomenta a axilización nas respostas ás solicitudes de información cursadas pola cidadanía, con respecto aos prazos para cada modalidade, á concreción das respostas e á preferente comunicación electrónica sempre respectando o principio á transparencia*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.



O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo